

RESOLUCIÓN do 23 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico das instalacións do parque eólico Neboada, situado nos concellos da Rúa, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra de Trives, San Xoán de Río (Ourense), Ribas de Sil e Quiroga (Lugo), e promovido por Maia Directorship, S.L. (expediente IN408A/2020/004). DOG Núm. 62, do 30 de marzo de 2022. **Fin prazo para alegacións: 13 de maio de 2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220330/AnuncioG0596-230322-0006_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Neboada	Maia Directorship, S.L.	A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra de Trives, San Xoán de Río (Ourense), Ribas de Sil e Quiroga (Lugo)	<ul style="list-style-type: none"> • 1 aeroxerador modelo Siemens Gamesa SG 6.6-170 de 6,6 MW de potencia unitaria (aeroxerador N-1) e 7 aeroxeradores modelo Siemens Gamesa SG 6.0-170 de 6,2 MW de potencia unitaria (aeroxeradores N-2 a N-8), altura de buxa 135 m y 170 m de diámetro de rotor. • 1 centro de transformación, instalado unitariamente no interior da góndola do aeroxerador N-1, formado por un transformador de 7.000 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares. • 7 centros de transformación, instalados unitariamente no interior das góndolas dos aeroxeradores N-2 a N-8, formados por transformadores de 6.500 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares. • Rede eléctrica soterrada a 30 kV, con condutor tipo Al HEPRZ1 18/30 kV 1x240, 400, 630K + H 16 Cu, para a evacuación da enerxía xerada e interconexión entre os centros de transformación 0,69/30 kV. • Unha torre meteorolóxica de 135 m de altura. • Subestación Neboada 30/220 kV con parque a nivel de 220 kV de intemperie, simple barra e os seguintes elementos: 1 posición de liña 220 kV saída á subestación Treboada; 3 posicións de transformación 30/220 kV, 50/60 MVA (ONAN/ONAF); 1 posición de barras 220 kV equipada con medida de tensión. Parque a nivel de 30 kV cos seguintes elementos: reactancia de posta á terra con seccionador e autoválvulas. Parque a nivel de 30 kV simple barra, de interior, celas en SF6 cos seguintes elementos: celas de transformador, celas de medida, celas de liñas e celas de banco de condensadores. Equipamento auxiliar para as funcións de control, mando e protección da subestación. • Liña aérea de evacuación de 220 kV de tensión nominal e 15,2 km de lonxitude desde a subestación Neboada ata a posición de entrada na subestación Treboada.

Sométese a exposición pública:

proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico.